



Máis información:  
 Entrega de follas de inscrición:  
 Rexistro Auxiliar do Centro Sociocultural do Ensanche:  
 Rúa de Frei Rosendo Salvado, 14-16 baixo - Teléfono: 981 543 001  
 Horario: de luns a venres en horario de 9.00 a 14.00 horas.  
 Información xeral sobre a actividade: Casa das Asociacións de Cornes:  
 Rúa de Manuel Beiras, 3 - Teléfono: 981 542 350,  
 Horario: de luns a venres de 9.00 a 14.00 h.



# IMOS COA ASOCIACIÓN 2015

Excursións para AA.VV. de ámbito rural de Santiago de Compostela

+Info en [www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org)



## EXCURSIÓNS PARA ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS DO ÁMBITO RURAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

### FINALIDADE:

Achegar, por cuarto ano consecutivo, unha oferta específica de excursións organizadas para asociación de veciños do ámbito rural de Santiago que facilite o goce e o encontro en convivencia entre a veciñanza das distintas parroquias interesadas.

### OBXECTIVO XERAL:

Dar a coñecer a riqueza patrimonial propia de diversos contornos tanto próximos ao noso Concello como de outros lugares da nosa Comunidade. Este ano tamén se inclúen propostas do Grupo de Concellos para a promoción turística conxunta "Área Santiago" (marcadas con\*).

Darlle resposta, desde a Cancellaría de Relacións Veciñais, ás demandas detectadas entre as asociacións de ámbito rural e algunhas das da periferia de Santiago que solicitan un programa específico de excursións.

### DESTINATARIOS:

Asociacións de veciños do ámbito rural do Concello de Santiago, inscritas no censo municipal de asociacións.

Excepcionalmente, e sempre que o orzamento o permita, asociacións de veciños dos barrios pertencentes á periferia de Santiago de Compostela, inscritas no citado Rexistro.

### PROGRAMA E DESTINOS OFERTADOS:

O programa consta dunha serie de excursións dun día cos seguintes destinos:

- 01\_ Illas Ons - Día de praia
- 02\_ Ourense - Allariz - Visita cultural e de comercio
- 03\_ Lugo - Visita cultural e gastronómica
- 04\_ Ribeira Sacra

- 05\_ San Andrés de Teixido e acantilados
- 06\_ Galicia - Portugal
- 07\_ Rías de Noia - Muros e Arousa
- 08\_ Visita aos Pazos da Ulla\*
- 09\_ Galicia auténtica e ancestral\*

### CALENDARIO:

As excursións poderán realizarse desde o mes de maio ata o mes de novembro; as marcadas cun asterisco, que son as propostas polo Grupo de Concellos para a promoción turística conxunta "Área Santiago", unicamente se poden facer en sábado e domingo. A proposta número 9, "Galicia auténtica e ancestral" non se poderá levar a cabo na fin de semana do 3 ao 5 de xullo, por coincidir coa "Rapa das Bestas".

### PREZO:

O Concello financiará o 40% do gasto global de cada actividade e a asociación solicitante deberá aboar o 60% restante.

O importe que deba pagar cada asociación deberá ingresarse na conta bancaria que lles indique a organización, facendo un único pagamento segundo os importes que se sinalan.

No prezo ofertado non se inclúen entradas a museos, viaxes en catamarán ou calquera actividade con custo adicional que correrá por conta dos participantes.

### CONDICIÓNS E REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

No caso das excursións 8 e 9, promovidas polo Grupo de Concellos "Área Santiago" este Grupo financiará o 40% do gasto global que supoñan as visitas aos pazos e monumentos, incluídas en ambos itinerarios.

1. Poderán participar na convocatoria todas as asociacións veciñais do ámbito rural, inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

Excepcionalmente, e sempre que as solicitudes destas asociacións de ámbito rural non superen o orzamento destinado para ese fin, poderán participar asociacións de veciños dos barrios pertencentes á periferia de Santiago de Compostela, inscritas no citado Rexistro.

2. As asociacións que o soliciten poderán gozar con mínimo dunha excursión. Se o orzamento o permite, poderán realizar dúas.

3. Para a realización de cada excursión, establécese un mínimo de participación de 35 persoas e un máximo de 55.

4. O prazo de presentación de solicitudes é o comprendido entre o 3 e o 18 de marzo. As follas de inscrición debidamente cubertas entregaranse no rexistro do centro sociocultural do Ensanche, en horario de 9:00 a 14:00 horas.

5. Cando remate o prazo sinalado componse o calendario de excursións e, na última semana de abril, comunicáraselles a correspondente asignación ás asociacións solicitantes, a través de correo electrónico.

6. Unha vez asignada a excursión, cada AA.VV. deberá presentar na Casa das Asociacións de Cornes (en horario de 9 a 14 h.), unha listaxe de participantes na que deben aparecer os seguintes datos: NOME, APELIDOS, DNI e DATA DE NACEMENTO, de todas as persoas participantes na excursión.

Os menores sen DNI, aparecerá tamén na listaxe co nome e apelidos, co obxecto de que teña cobertura por parte do seguro de responsabilidade civil. Ao entrar no autobús será obrigatorio identificarse co DNI e, non se admitirá a ningún que non apareza no listado da excursión. Para o caso de presentar listaxes escritas a man, deberán cubrirse con letra maiúscula e clara, de forma que sexan perfectamente lexibles todos os datos.

7. Prazo de entrega das listaxes: Cinco días hábiles antes da data sinalada para a excursión, deberán estar entregadas as listaxes sinaladas no punto anterior. Senón se entregan as listaxes a tempo, a excursión será suspendida.

8. Horarios: As horas de saída da excursión serán as marcadas pola organización e faranse as paradas necesarias para recolectar aos participantes, sempre dentro da parroquia da asociación.

9. Xantar: a contratación do xantar correrá por conta da asociación que terá total liberdade para escoller o establecemento que desexe, sempre e cando se sitúe na zona ou localidade determinada pola organización. Para facilitarlles o labor ás asociacións, a organización facilitarlles datos sobre algúns restaurantes, pero será a asociación a que teña que contratar e acordar co establecemento o tipo de menú, o prezo, etc.

O horario de comezo de xantar será entre as 14:00 e as 14:30 horas.

10. Bus: manterase en todo momento un comportamento correcto, seguindo as indicacións da persoa encargada da monitoraxe. Non se poderá comer no bus nin estar de pé co vehículo en marcha.

11. Variacións nos itinerarios: Se, por calquera circunstancia, se produce a imposibilidade de acceder a un lugar ou a algún monumento durante a xornada da excursión, poderían realizarse variación nos itinerarios. En calquera caso, as modificacións serían comunicadas ás directivas das asociacións de veciños con tempo abondo para que lles fagan chegar aos asistentes. Excepcionalmente, as asociacións poderán modificar, de mutuo acordo coa empresa de transportes, a data da excursión.

12. Na publicidade, comunicacións e referencias en revistas e outras publicacións, relativas ás excursións deste programa, fíxase constar que son promovidas polo Concello de Santiago.

## EXCURSIÓNS DIRIXIDAS A ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS DO ÁMBITO RURAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 2015

Espazo reservado a cubrir pola Administración	
Data de entrega:	Hora:
D/Dña.: _____ co DNI: _____	
en representación da entidade veciñal: _____	
correo electrónico (a efectos de comunicación e notificacións): _____	
Teléfono de contacto: _____	

DESTINOS /EXCURSIÓNS	DATA SOLICITADA	PREZOS CON IVE (BUS 55 PERSOAS)
1.- Illas Ons - Día de praia		270 euros
2.- Ourense / Allariz - Visita cultural e de comercio		330 euros
3.- Lugo - Visita cultural e gastronómica		330 euros
4.- Ribeira Sacra		330 euros
5.- San Andrés de Teixido e acantilados		330 euros
6.- Galicia - Portugal		330 euros
7.- Rías de Noia - Muros e Arousa		300 euros
8.- Visita aos Pazos da Ulla*		300 euros
9.- Galicia auténtica e ancestral*		300 euros

\* Excursións promovidas por Área Santiago